

PROGRAMA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL POSTDOUTORAL CARA A INTENSIFICACIÓN INVESTIGADORA DO PROFESORADO AXUDANTE DOUTOR

CONVOCATORIA 2017

A Universidade de Vigo, co obxecto de fortalecer e fornecer as súas capacidades, pon en marcha a terceira edición do programa para a contratación de persoal postdoutoral dirixido a intensificar a capacidade investigadora do profesorado axudante doutor. Este programa está baseado na Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, a cal establece que os organismos públicos de investigación, caso da Universidade de Vigo, poderán contratar persoal investigador en réxime laboral baixo as modalidades contractuais establecidas nos seus artigos 21, 22 e 23 ou baixo calquera outra modalidade temporal, que dea acomodo á realización de proxectos específicos de investigación científica e técnica.

1. Obxectivo

O obxectivo da convocatoria é intensificar a capacidade investigadora do profesorado axudante doutor da Universidade de Vigo, facilitando o desenvolvemento dun proxecto de investigación básica que permita acadar un elevado nivel de perfeccionamento e especialización que conduzan a consolidación da súa experiencia profesional.

A tal efecto se pon en marcha un programa para a contratación postdoutoral de 10 profesionais durante o curso académico 2017-2018 ao abeiro do establecido no artigo 22 da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.

O persoal investigador contratado baixo esta modalidade prestará colaboracións en tarefas docentes relacionadas coa actividade de investigación proposta, cunha capacidade de 80 horas anuais, e con sometemento á normativa vixente de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

A obtención dun contrato baixo a presente convocatoria poderá ser tido en conta como mérito en futuras convocatorias de consolidación de persoal docente e investigador.

2. Características dos contratos

O contrato terá unha duración inicial de dous anos, podéndose prorrogar tras a avaliación dos fitos do proxecto de investigación básica que se esta a desenvolver, por períodos anuais, sen que a duración máxima do contrato poida exceder dos cinco anos, conforme ao establecido artigo 22 da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, modalidade baixo a que se formalizan estes contratos. O procedemento para as avaliacións intermedias explícase no Anexo I a esta convocatoria.

As situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo, maternidade, adopción ou acollemento, risco durante a lactación e paternidade, suspenderan o computo da duración do contrato.

A efectos de docencia cada contrato estará vinculado ao mesmo campus no que se mantíña a relación contractual como profesorado axudante doutor.

A retribución correspondente a cada un destes contratos será a equivalente a do Profesorado Contratado Doutor.

3. Financiamento

O programa financiarase con cargo a aplicación orzamentaria 0000 131H TAL 641 de cada un dos exercicios nos que se desenvolva o programa, no marco das dispoñibilidades orzamentarias da Universidade de Vigo.

4. Requisitos das persoas solicitantes

O programa vai dirixido ao Profesorado vinculado á Universidade de Vigo durante o curso 2016/2017 baixo a figura de Axudante Doutor, que dispoña da acreditación como profesor contratado doutor emitida pola ANECA ou pola ACSUG, e que remate o seu contrato durante o curso 2017/2018 sen posibilidade de prórroga.

Conxuntamente coa solicitude achegarase unha memoria coas características e fitos mais relevantes do proxecto de investigación básica a desenvolver o cal terá que acadar unha valoración positiva por parte da Comisión de Investigación, segundo o indicado no apartado seguinte.

No caso de acadar éxito na procura do programa, aquelas persoas seleccionadas que non rematasen o seu contrato de profesorado Axudante Doutor seguirán nesa condición ata o remate do mesmo, momento no que farase efectivo o contrato derivado desta convocatoria.

5. Selección

A selección será feita pola Comisión de Investigación delegada do Consello de Goberno entre as persoas que cumpran os requisitos sinalados no apartado 4.

Se o número de solicitantes é superior ao de prazas dispoñibles, as persoas solicitantes ordenaranse atendendo ao número de meses completos transcorridos desde a acreditación ata a data de peche da convocatoria. Desta lista, escolleranse as áreas correspondentes ás 10 persoas con maior antigüidade cun máximo de unha por área de coñecemento. En caso de quedar prazas vacantes escolleranse as áreas restantes empregando a mesma lista, unha vez excluídas as persoas xa seleccionadas.

As persoas solicitantes terán un prazo de 10 días hábiles para formular as súas alegacións, a partir do día seguinte á publicación da resolución provisional.

Resoltas as reclamacións ou alegacións, a Comisión de Investigación fará pública a resolución definitiva.

6. Formalización das solicitudes e procedemento

As solicitudes serán cumprimentadas segundo o Anexo II que se adxunta e dirixidas ao Reitor da Universidade de Vigo. Deberá achegarse copia da certificación da acreditación como profesorado Contratado Doutor e unha memoria coas características e fitos mais relevantes do proxecto de investigación básica a desenvolver durante os dous anos iniciais de contrato.

A publicación nos rexistros xerais da Universidade de Vigo dos actos que integran este procedemento servirá de notificación para todos os efectos, de acordo co previsto na Lei 39/2015. Simultaneamente serán publicados na páxina web da Universidade de Vigo.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral (Edificio Xerencia-Servizos Centrais, Campus Universitario 36310-Vigo), nos rexistros auxiliares da Universidade de Vigo (Campus de Ourense, campus de Pontevedra e Rúa Torrecedeira nº 86 de Vigo) ou de acordo coas restantes formas

previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015. No estranxeiro, as solicitudes poderán cursarse a través das representacións diplomáticas e consulares españolas correspondentes.

O prazo de presentación de solicitudes será do 21 de xullo ao 21 de agosto de 2017.

ANEXO I

PROGRAMA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL POSTDOUTORAL CARA A INTENSIFICACIÓN INVESTIGADORA DO PROFESORADO AXUDANTE DOUTOR – CONVOCATORIA 2017**PROCEDEMENTO PARA AS AVALIACIÓNS INTERMEDIAS**

O obxectivo do *Programa para a contratación de persoal postdoutoral cara á intensificación investigadora do profesorado axudante doutor* é intensificar a capacidade investigadora do profesorado axudante doutor da Universidade de Vigo, facilitando o desenvolvemento dun proxecto de investigación básica que permita acadar un elevado nivel de perfeccionamento e especialización que conduzan a consolidación da súa experiencia profesional. A tal efecto o programa plantexa a contratación postdoutoral das persoas adxudicatarias, ao abeiro do establecido no artigo 22 da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.

A convocatoria establece que os contratos terán unha duración inicial de dous anos, podéndose prorrogar tras a avaliación dos fitos do proxecto de investigación básica que se esta a desenvolver, por períodos anuais, sen que a duración máxima do contrato poida exceder dos cinco anos.

Transcorridos dous anos desde a resolución da convocatoria e o inicio dos contratos, procederá realizar a primeira avaliación da actividade investigadora desenvolvida durante este período polas persoas adxudicatarias, para o cal se establece o presente procedemento.

1. Para a primeira avaliación, tras os dous primeiros anos de contrato, as persoas adxudicatarias deberán presentar na Vicerreitoría de Investigación e Transferencia da Universidade de Vigo un informe sobre a actividade investigadora realizada durante o período.

Superada esta primeira avaliación, e prorrogado o contrato correspondente, as persoas adxudicatarias deberán someterse a avaliacións anuais, para as cales o procedemento para a elaboración e presentación de informes é idéntico ao da primeira.

2. O informe deberá incluír os seguintes apartados:
 - a. En todos os casos:
 - Resumo da actividade investigadora desenvolvida durante o período obxecto de avaliación (máximo 500 palabras)
 - b. Cada persoa segundo os méritos de que dispoña:
 - Publicacións de investigación: artigos en revistas, libros, capítulos de libros. Deben indicarse en todos os casos os indicadores de calidade das publicacións: inclusión das revistas en bases de datos recoñecidas (JCR, SJR, CIRC...) e índice de impacto, calidade das editoriais de publicación dos libros, etc. Non incluír publicacións en libros editados polos propios autores ou autoras, ou por empresas de reprografía, copisterías ou similar, que non teñan un procedemento de revisión por pares. Poden indicarse as publicacións enviadas que estean en fase de avaliación.
 - Dirección de teses doutorais. Poden indicarse as teses en curso.

- Comunicacions en congresos de investigación. Deben indicarse en todos os casos os indicadores de calidade dos congresos: carácter nacional ou internacional, comité científico, aval de organismos ou asociacións científicas recoñecidas, publicación dos traballos presentados, inclusión das publicacións en bases de datos recoñecidas (p.ex. Scopus). Poden indicarse as comunicacións enviadas para presentación, se o congreso aínda non se realizase.
- Participación en proxectos de investigación, contratos e informes de I+D. Poden indicarse os proxectos solicitados, pendentes de resolución.
- Participación en patentes, modelos de utilidade, rexistros de software. Poden indicarse as solicitudes pendentes de concesión.
- Participación en empresas de base tecnolóxica (EBTs).
- Resultados da creación artística: produción artística, produción audiovisual, actividade de deseño.
- Creación literaria, competitiva ou non competitiva, elaboración de dicionarios, traducións de libros técnicos ou literarios, recensións.
- Organización e participación en actividades de promoción da investigación e a transferencia: feiras nacionais e internacionais, xornadas universidade-empresa, organización de congresos e xornadas de investigación.
- Outros méritos de investigación e transferencia: participación en comités editoriais de revistas de investigación, actividade como censor/a de artigos en revistas, participación en comités de estandarización ou elaboración de normas, actividades non lucrativas de carácter representativo ou de asesoramento para persoas físicas ou xurídicas alleas á Universidade de Vigo.
- Participación en actividades de divulgación científica: publicacións de divulgación científica, organización de eventos de divulgación.
- Participación en actividades de xestión da investigación e transferencia na Universidade de Vigo: comisións, tribunais, etc.
- Estadías en centros de investigación radicados fóra da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Outros méritos non incluídos nos apartados anteriores

So se considerarán as actividades de investigación e transferencia, en ningún caso se terán en conta actividades relacionadas coa docencia.

- c. Os informes deberán incluír o listado dos méritos presentados, e copia da xustificación dos mesmos. No caso das publicacións, se se aporta o DOI non será necesario entregar copia completa das mesmas. En calquera momento do proceso de avaliación, a Vicerreitoría de Investigación e Transferencia poderá solicitar as persoas adxudicatarias do programa documentación adicional ou aclaracións relativas aos méritos aportados.
- d. Os informes deberán presentarse no Rexistro Xeral ou Auxiliares da Universidade de Vigo, dirixidos á Vicerreitoría de Investigación, ou de acordo coas restantes formas previstas no artigo 16 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das

Administracións Públicas, **coa obriga de enviar unha copia do informe e documentación presentados por correo electrónico a vicinvxn@uvigo.es.**

Deberá indicarse claramente o concepto de “Informe intermedio do Programa intensificación investigadora do profesorado axudante doutor – Convocatoria 2017”, así como o nome e apelidos da persoa solicitante.

- e. Prazo de presentación: cada persoa adxudicataria deberá presentar o informe como mínimo con dous meses de antelación á data de finalización do seu contrato.
- f. A Comisión de Investigación da Universidade de Vigo, delegada de Consello de Goberno, será a encargada de realizar a avaliación da actividade investigadora desenvolvida polas persoas adxudicatarias do programa. A Comisión poderá solicitar o asesoramento de persoas expertas, pertencentes ou alleas á Universidade de Vigo, de consideralo necesario. O resultado da avaliación será comunicado ás persoas interesadas.
- g. A formalización da prórroga dos contratos estará condicionada á obtención do informe favorable de avaliación.

ANEXO II

**PROGRAMA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL POSTDOUTORAL CARA A INTENSIFICACIÓN INVESTIGADORA DO PROFESORADO AXUDANTE DOUTOR
CONVOCATORIA 2017**

DATOS PERSOAIS DA/O SOLICITANTE:		
Apelidos:	Nome:	
DNI/Pasaporte:	Home: <input type="checkbox"/>	Muller: <input type="checkbox"/>
Data de nacemento:	Nacionalidade:	
Centro:	Campus:	
Departamento:		

ENDEREZO DO SOLICITANTE A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN:		
Enderezo:		
Código Postal:	Localidade:	Provincia:
Teléfono 1:	Teléfono 2:	Email:

DEPARTAMENTO / ÁREA DE COÑECEMENTO	
Departamento:	Código:
Área:	Código:

A/O solicitante DECLARA:

- Ser persoal vinculado á Universidade de Vigo durante o curso 2016/2017 baixo a figura de Profesorado Axudante Doutor
- Rematar o seu contrato como Profesor/a Axudante Doutor durante o curso 2017/18 sen posibilidade de prórroga
- Dispoñer da acreditación da ANECA ou da ACSUG como Profesorado Contratado Doutor.

SOLICITA:

A admisión da súa instancia de participación no PROGRAMA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL POSTDOUTORAL CARA A INTENSIFICACIÓN INVESTIGADORA DO PROFESORADO AXUDANTE DOUTOR CONVOCATORIA 2017.

(sinatura) En _____, a _____ de _____ de 2017

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- Copia da certificación da acreditación da ANECA ou da ACSUG como Profesorado Contratado Doutor
- Curriculum vitae detallado (non é necesario aportar os xustificantes dos méritos indicados no currículo no momento da solicitude).
- Memoria coas características e fitos máis relevantes do proxecto de investigación básica a desenvolver durante os dous anos iniciais do contrato

EXCMO. SR. REITOR MAGFCO. DA UNIVERSIDADE DE VIGO